

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 66

ano 11

setembro-outubro 2016

340 aniversario do nacemento do Padre Feijoo O BERCE DO PADRE FEIJOO

Este mes en **Fronda** conmemoramos o 340 aniversario do nacemento do padre Feijoo (1676-1764) investigando nos documentos relativos á súa familia pertencentes aos nosos fondos. O que presentamos a continuación é o **inventario post mortem** de don Antonio Feijoo y Ulloa, rexedor de Allariz e avó paterno do ilustrado ourensán.


Trátase dunha relación exhaustiva de bens do falecido, necesaria para contabilizar o seu patrimonio e repartilo entre os herdeiros. Os inventarios son complementarios dos testamentos e serven para garantir a integridade do patrimonio que se lega aos herdeiros. Este parece ser o caso que nos ocupa, xa que don Antonio Feijoo y Ulloa falece repentinamente na súa casa da **Granxa do Mato** (Allariz) o 12 de outubro de 1658, en compañía dos seus criados e en ausencia dos seus fillos.

Por este motivo, o tenente de rexidor don Pedro Feijoo y Noboa ordena que se faga inventario dos bens do defunto no Mato, próximo á vila de Allariz, residencia habitual da familia, até que os herdeiros reclamen os seus dereitos. Despois, dona Jerónima, filla de don Antonio, ordenará que se faga tamén inventario das propiedades do seu pai en Santa María de Melias (O Pereiro de Aguiar), onde estaba situado o pazo de Casdemiro, residencia estacional da familia e lugar de nacemento do padre Feijoo.

O inventario do Mato iníciase o 12 de outubro, cando achan morto a don Antonio, e continúa durante os días sucesivos, até o 15 dese mes. Dispónse en varios apartados: “como se entregaron las llaves (sic)”, “auto”, “trequento del ganado” e “más ymbentario”. Malia isto, non se segue ningunha orde en cada un deles, senón que se van citando os diversos bens sen agrupalos por tipoloxías, segundo como os vai atopando pola casa o alguacil Juan Pérez, e o notario Juan Delgado os escritura. Deste xeito, pode ocorrer que se comece mencionando obxectos de prata e rematar falando da mula que vai recoller o fillo do rexedor a Astorga.

Os **inventarios post mortem** reflicten o estatus social desta familia fidalga a través da enumeración de

bens que estes posuían. Este inventario resulta particularmente interesante polo feito pouco frecuente de conter abundantes referencias á vestimenta da época: “una basquiña y un jubón de tafetán doble a lo anti-guo, un manteo de Baeça usado, una capa vieja de paño de Segobia...”



1658, outubro, 12. Granxa do Mato (Allariz)
Fragmento do inventario de bens post mortem de D. Antonio Feijoo y Ulloa, rexedor de Allariz, ordenado por D. Pedro Feijoo y Noboa, tenente de correxedor de Allariz.
Orixinal, manuscrito, castelán, 195 x 300 mm
AHPOU, Protocolo de Juan Delgado, C. 71

Familia paterna: Feijoo-Montenegro

O padre Feijoo (1676-1764) naceu no seo dunha familia fidalga por parte de ámbolos dous proxenitores, **Antonio Feijoo-Montenegro** e María Puga y Noboa, naturais da zona de **Allariz**. Foi o primoxénito mais renunciou ao morgado en prol da vida monacal. A liñaxe paterna é oriunda do lugar chamado **Granza do Mato**, na parroquia de Santa María de Vilanova do concello de Allariz. Alí posuían a casa fidalga á que se fai referencia no inventario de bens, con terras, gando e rendas. Esta casa era o lugar de domicilio habitual, mais posuían outras, coma a casa da **rúa Tripería**, sita na vila de Allariz, e tamén citada no inventario que nos ocupa; ou o **pazo de Casdemiro**, en Santa María de Melias (O Pereiro de Aguiar), lugar de nacemento do padre Feijoo.

O pazo de Casdemiro, situado nas beiras do Miño, era residencia temporal da familia, condicionada polos ciclos agrarios, en concreto, a produción vitícola. Tiña abundantes terras dedicadas ao cultivo da vide, principalmente, ademais de adegas e gandaría. Pódese consultar o inventario de bens deste pazo, realizado o 13 de outubro de 1658 a petición de Jerónima Feijoo, nos fondos do AHPOu, en concreto no protocolo de Pedro de Castro, notario da xurisdición do Pereiro de Aguiar.

Os devanceiros paternos do padre Feijoo (dos cales podemos establecer unha liña cronolóxica fiable até inicios do século XVI) desenvolveron as súas actividades no contorno de **Allariz**, vila dunha gran relevancia histórica, especialmente na Idade Media, como mostra a fundación por parte de dona Violante, esposa do rei Afonso X, do convento das Clarisas en 1282. Estes antergos de Feijoo compaxinaron as actividades agrarias con cargos públicos, xa que moitos deles foron membros da corporación de Allariz, chegando incluso á alcaldía, tal foi o caso do seu avó, don Antonio Feijoo y Ulloa.

Familia materna: Puga


A nai do padre Feijoo pertence á liñaxe dos **Puga**. Trátase dunha próspera liñaxe que segundo os estudosos da materia, ten a súa orixe na Torre de Toén (Ourense). A finais do século XVI e principios do XVII entroncan cos señores da casa do Pazo, en Santa Mariña de Augas Santas (tamén na contorna da vila de Allariz) lugar de nacemento de dona **María de Puga Sandoval y Noboa**.

O seu pai, o capitán don Felipe de Puga, tiña numerosas propiedades, tanto agrícolas como urbanas (unha casa na Porta da Aira, en Ourense, que posteriormente herda o seu xenro don Antonio Feijoo-Montenegro). Recibiu o morgado de seu tío don Antonio de Puga y Sandoval, cóengo da Colexiata de Xunqueira de Ambía e crego de Pentas.

Non pode pasar desapercibida a carga simbólica e **importancia relixioso-social** do lugar de Santa Mariña de Augas Santas, no que se sitúa a igrexa ho-

mónima que contén a o mausoleo de Santa Mariña, que, segundo a tradición, recibiu alí martirio. Aínda hoxe en día ese sitio é visitado con devoción, especialmente no día da Santa (18 de xullo).

Por outra banda, ao carón da igrexa sitúase o **pazo episcopal**, cuxa construción foi encargada por Juan Muñoz de la Cueva, bispo de Ourense, a comezos do século XVIII, coa intención de convertelo na súa residencia de verán. Os motivos do porqué desta elección foron, segundo as súas verbas, os seguintes: “*con el mayor retiro, se tranquiliza el animo (sic), y con sus ayres puros, y aguas milagrosas, y frescas, se hacen más tolerables los calores del Estío*” (*Breve compendio de la Vida, y Martyrio de Santa Marina de Galicia, 1719*) Hoxe en día é a casa rectoral.



Detalle do inventario post mortem de don Antonio Feijoo y Ulloa. AHPOu, Protocolo de Juan Delgado, c. 71.

Documentos da familia Feijoo-Montenegro e Puga no AHPOu

A fonte principal de coñecemento das familias Feijoo-Montenegro e Puga conservada no Arquivo Histórico Provincial de Ourense son os protocolos notariais. Un protocolo notarial recolle, con carácter anual, as escrituras matrices autorizadas por un notario, que dá fe pública e carácter probatorio aos negocios xurídicos realizados entre particulares. Para saber máis, pódense consultar os números **19, 22, 24 e 27** de **Fron-da**. Conservamos diversos documentos (compraventas, testamentos, rendas...) inseridos nos protocolos notariais que permiten coñecer o estatus socioeconómico da familia na que o padre Feijoo vén ao mundo.

No que atinxe á familia paterna, os **Feijoo-Montenegro**, conservamos documentación relacionada nos **protocolos notariais** de **Allariz**, xurisdición á que pertencía a Granza do Mato, lugar de orixe da familia. Tamén achamos información nos protocolos notariais da xurisdición do **Pereiro de Aguiar**, á cal pertencía o Pazo de Casdemiro en Melias.

En canto á familia materna, **Puga**, no fondo dos **Marqueses de Leis** existen diversos documentos de carácter patrimonial (rendas, compravendas...), relacionados coa casa do lugar do Pazo, en Santa Mariña de Augas Santas, así como xenealoxías da familia.



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq_prov.ourense@xunta.es



XUNTA
DE GALICIA

Texto: Paula Vázquez Ramos, baixo a supervisión de Pablo Sánchez Ferro D.L. OU 67/2006, ISSN 2659-3491